


A PENA DE MORTE



O debate sobre a pena de morte está adquirindo importancia na sociedade, e hai xente que a defende e outra que non, aínda que os que están a favor son a menor parte.

Agora mesmo, a pena de morte lévase a cabo en noventa países. O caso máis coñecido é o dos Estados Unidos, pero tamén está establecida en México...

A sociedade estase concienciando de que moitas persoas que están no corredor da morte son inocentes, por iso están en contra da pena de morte.



Esta condena lévase a cabo en maiores de dezaioito anos, aínda que existen casos nos que se aplicou a menores desta

idade.

A pena de morte tamén se pon en práctica por represión política, para levar a cabo unha intimidación na sociedade e que non se manifesten contra o réxime establecido.

Existen moitos tipos de práctica: a inxección letal, cadeira eléctrica, cámara de gas, lapidación, fogueira, etc. Na maior parte delas, a morte tarda máis de dez minutos en producirse e isto ocasiona un gran sufrimento no condenado.

Sobre a pena de morte tamén fala o Antigo Testamento, e dinos que nós non podemos decidir iso, que iso faino Deus.

Eu estou en contra da pena de morte, xa que a metade das veces mátanse persoas inocentes, xa por ser menos ricas ou de raza diferente. Por exemplo nos Estados Unidos un 60 % son de fala hispana. Por iso eu penso que a pena de morte é moi cruel.

GUTIER PENAS TABOADA. B1C

